



FICHA RESUME

PE 403A 2008/ 45-5

| | |
|---------------------------------------|---|
| Ano | 2009 |
| Entidade | CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS |
| Plan explotación⁽¹⁾ | PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS |
| Réxime⁽²⁾ | LIBRE MARISQUEO |
| Modalidade⁽³⁾ | MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN |

| | |
|--------------------------------|---|
| Especies | Ameixa fina (<i>R. decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa rubia (<i>V.rhomboides</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), carneiro (<i>V.verrucosa</i>) e reloxo (<i>D.exoleta</i>). |
| Ambito do plan | Do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, Arnela-Galiñeiro, do peirao de Meloxo ata as Negreiriñas. |
| Subzonas de explotación | Área I: do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fora) á baliza de Orido Área II: Arnela-Galiñeiro Área III: Peirao de Meloxo ata as Negreiriñas |

| Participantes no plan de explotación | | |
|---|--------------|---------------------------|
| Número de permex/persoas autorizadas | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| | 117 | |
| Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾ | | NON |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| | | |

| Calendario de explotación | | | | | | | | | | | | |
|---|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|--|
| Días máximos de extracción | | 140 | | | | | | | | | | |
| Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : xaneiro, de abril a setembro e decembro. | | | | | | | | | | | | |
| Modalidade ⁽³⁾ : dende embarcación | | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec | |
| X | | | X | X | X | X | X | X | | | X | |

| Especies | kg/embarcación/día | kg/tripulante/día |
|-----------------|--------------------|-------------------|
| Ameixa fina | 6 | 2 |
| Ameixa babosa | 30 | 10 |
| Ameixa rubia | 24 | 8 |
| Ameixa bicuda | 6 | 2 |
| Ameixa xaponesa | 12 | 4 |
| Berberecho | 30 | 10 |
| Carneiro | 15 | 5 |
| Reloxo | 60 | 20 |

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

| | |
|-------------------------|--|
| Artes a empregar | Raño cunha separación entre varillas de 17 mm. |
|-------------------------|--|



| | |
|--------------------------|---|
| Puntos de control | Embarcacións da confraría e lonxa de Tragove. |
| Puntos de venda | Lonxa de Tragove. |

| Accións a realizar ⁽⁷⁾ | Epoas probables ⁽⁸⁾ | | | | | | | | | | | |
|--|--------------------------------|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Rexeneración zonas improdutivas | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: Meloxo | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Extracción semente para resembrar | X | X | X | X | X | X | | | | X | X | X |
| Zonas: Galiñeiro, Meloxo | | | | | | | | | | | | |
| Especies: ameixa fina e ameixa babosa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Sementeiras | X | X | X | X | X | X | | | | X | X | X |
| Zonas: Galiñeiro, Meloxo | | | | | | | | | | | | |
| Especies: ameixa fina e ameixa babosa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Traslados | X | X | X | X | X | X | | | | X | X | X |
| Zonas: Galiñeiro, Meloxo | | | | | | | | | | | | |
| Especies: ameixa fina e ameixa babosa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Rareos | X | X | X | X | X | X | | | | X | X | X |
| Zonas: Galiñeiro, Meloxo | | | | | | | | | | | | |
| Especies: ameixa fina e ameixa babosa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Limpezas e arados | X | X | X | X | X | X | | | | X | X | X |
| Zonas: ámbito do plan. | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Outros | X | X | X | X | X | X | | | | X | X | X |
| Control de depredadores (cangrexo zapateiro e gasterópodos perforadores) empregando nasas. | | | | | | | | | | | | |

Outras consideracións ⁽⁹⁾

En relación cos **participantes**: No apartado 1.4 indican que participan 115 embarcacións, sen embargo os datos da delegación territorial reflicten 117 embarcacións coa arte de marisqueo Z3 asociadas á confraría de Cambados.

No listado de participantes figura a embarcación _____ que ten unha autorización provisional para marisqueo en zona libre polo que debe ser excluída do plan de explotación. Por outra banda, as embarcacións _____ e _____ que teñen a arte de marisqueo Z3 e constan como asociadas á confraría de Cambados non figuran no listado de participantes.

Acéptase a proposta de establecer o número de tripulantes/barco con dereito a cupo nas zonas máis productivas, en función da súa actividade nas zonas de libre marisqueo.

Sen embargo, cumpre advertir da dudosa legalidade do acordo de limitar a posibilidade de ser tripulante aos socios da agrupación de mariscadores, xa que impide a un armador (empresario) a liberdade para contratar a quen estime oportuno. En calquera caso, as persoas afectadas poderían recorrer á vía xudicial.



Topes de captura: redúcese a cota de ameixa rubia que descende a 8 kg/mariscador/día, de berberecho a 10 kg/mariscador/día e relo a 20 kg/mariscador/día. Nas aperturas mensuais estableceranse distintos topos de captura para as especies nos bancos de Meloxo e O Galiñeiro, ante as diferentes densidades de biomasa explotable existente en ambas zonas.

Con anterioridade ao inicio da explotación nas zonas de Meloxo e Lañeiras-Ourido deberá realizarse unha mostraxe de avaliación dos recursos. Os resultados da mostraxe deberán ser remitidos á Delegación Territorial coa petición de apertura. De non ser así, non se poderá autorizar.

Acéptase como arte autorizada o rastro cunha separación entre varillas de 17 mm, por ter unhas medidas mais restrictivas que o contemplado no Decreto 424/1993, de 17 de decembro

Cando se pretenda realizar a inmersión de especies procedentes dun establecemento de cultivos mariños (batea), para continuar o seu engorde en praia, deberán solicitar a esta delegación territorial, o correspondente documento de transporte (o titular do establecemento de orixe) e un permiso de inmersión (o destinatario).

O control de depredadores mediante o emprego de nasas deberá ser autorizado pola Delegación Territorial. O emprego de nasas para labores de semicultivo respetará o horario establecido no artigo 60º.2 do decreto 424/1993, ademais serán balizadas mediante boias que indicarán de forma visible a entidade á que pertencen e o tipo de acción que están a realizar (control de depredadores). As capturas incidentais de especies distintas aos depredadores serán devoltas ao mar inmediatamente despois de ser capturados

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Con respecto ao apartado de inobservancia das normas do plan de explotación recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos da confraría e ó regulamento de réxime interior da agrupación e se as medidas cautelares son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan. Tamén deberá presentarse a documentación que acredite a aprobación do plan polo órgano competente da confraría de pescadores.

Recomendación técnicas para a mellora do plan:

- Indicar a organización do punto de control, así como dos traballos de semicultivo previstos.
- Implantar un sistema que determine a procedencia das capturas das distintas zonas (libre marisqueo, autorizacións e plan específico) na lonxa ou nos puntos de control.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

- Presentar datos productivos de berberecho e das outras especies secundarias (ameixa fina, xaponesa, bicuda e carneiro).

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,...

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubrilo á administración